EXERCICIOS AUTOAVALIABLES
A ANTROPOLOXÍA COMO CAMPO DE ESTUDO

EXERCICIO 1

"A nosa estirpe non é, nin moitísimo menos, das máis vellas: non pasa duns escasos cinco ou seis millóns de anos. Daquela separáronse as liñas que deron lugar aos chimpancés por un lado e á nosa especie polo outro. A escisión da liña dos gorilas produciuse pouco antes. Como se explica entón o profundo foxo que nos diferencia das demais criaturas?. A resposta é dobre: dunha banda, nalgunhas características temos evolucionado moi ás presas, cambiando moito en pouco tempo; por outro lado todas as formas intermedias (de características intermedias) entre nós e os chimpancés, teñen desaparecido"

ARSUAGA: *O colar do neandertal*

"Ao considerar a orixe das especies, é totalmente comprensible que un naturalista, reflexionando sobre as afinidades mutuas dos seres orgánicos, sobre as súas relacións embriolóxicas, a súa distribución xeográfica, sucesión xeolóxica e outros feitos semellantes, chegue á conclusión de que as especies non foron creadas independemente, senón que descenderon, coma variedades, doutras especies"

Darwin, *A orixe das especies*

1.- A que campo de estudo da antropoloxía se refire o texto de Arsuaga?
2.- Cales son os antepasados vivos máis próximos da nosa especie?
3.- Qué razóns se dan para a diferencia entre a nosa especie e outras especies animais?
4.- Cómo explica Darwin a orixe das especies da natureza?
5.- Porque a aparición da teoría evolucionista dá comezo ao nacemento da moderna antropoloxía física ou biolóxica moderna?

EXERCICIO 2

"A antropoloxía (cultural) é filla da expansión colonial. Antes de acadar o carácter científico que ten hoxe en día, tivo primeiro, en efecto, a forma empírica que constituía

a busca de coñecementos sobre as civilizacións conquistadas por Occidente. Xa dende o século XVI, é dicir, dende que existen colonias españolas, portuguesas, inglesas, francesas, etc, hai misioneiros, funcionarios, militares e viaxeiros que observan os costumes das sociedades locais, xa que, para intervir nestas sociedades é necesario coñecer minimamente os seus mecanismos internos.

Sen embargo, non son só as sociedades exóticas as que constituíron o obxecto de estudo da antropoloxía. A antropoloxía interesouse en todas aquelas partes de Europa que representaban restos activos dos modos precapitalistas de organización"

GODELIER: *A antropoloxía en todos os campos*

1.- A que asocia Godelier o nacemento da antropoloxía cultural?

2.- Cal considera que é a causa de que se busquen coñecementos sobre outras culturas por parte das grandes imperios?

3.- Qué outro obxecto sinala Godelier como propio da antropoloxía dos primeiros tempos?

EXERCICIO 3

Indica a qué rama especializada da antropoloxía (Antropoloxía política, económica, do parentesco, da educación) poderían corresponder cada un destes traballos:

1.- O estudo da forma en que se organiza a poliandria nunha sociedade do Tibet
2.- Os procesos informais de control social (coma a vergoña) nun pobo
3.- As formas de explotación da terra dos horticultores da montaña de Perú
4.- A análise do fracaso escolar nunha comunidade
5.- O estudo da facilidade para o divorcio entre os hopi do sudoeste dos Estados Unidos
6.- As pautas de residencia de novas parellas en Santiago de Compostela
7.- O estudo da importancia dos sistemas fiscais no nacemento dos Estados
8.- A redistribución de riquezas dos "grandes homes" por medio de festíns
9.- As pautas de consumo de alimentos ecolóxicos nunha cidade
10.- As formas políticas dun pobo nómade
11.- Os mecanismos de socialización de nenos e nenas nunha comunidade esquimal

EXERCICIO 4

"O método da antropoloxía, a observación participante, consiste en vivir coa xente, en recoller directamente o seu discurso, en observala na súa vida cotiá. Este método proporciona coñecementos que unha enquisa exterior, por exemplo, non permite aprender. É necesario saber escoitar o que di a xente, escoitar non só o seu discurso, senón tamén os silencios no seu discurso. Estes silencios son tan elocuentes coma as palabras mesmas. Pero a este xeito de escoitar só se chega facendo traballo de campo. Facer traballo de campo é a palabra máxica para os antropólogos. Facer traballo de campo é vivir un ano, dous anos, coa xente, aprender a súa lingua, o seu estilo de vida, etc. Os "pandilleiros" dun barrio teñen a súa propia linguaxe, o seu propio código, o seu propio modo de recoñecemento. Hai que ser aceptado, para vivir con eles…. O que narra o antropólogo sobre a súa experiencia de campo non son nin contos nin unha confesión. Non escribe no libro: "Vivín dous anos con cen obreiros". Cando regresa de traballar cos Baruia de Nova Guiné, debe ser capaz de elaborar a teoría da sociedade baruia no seu modo de organización e de evolución. Debe analizar todas as relacións sociais que compoñen unha sociedade"

GODELIER: *A antropoloxía en todos os campos*

1.- Cómo se define a "observación participante", o método da antropoloxía cultural?
2.- Cómo se consigue unha observación participante real?
3.- Cal debe ser o resultado da recollida de información a través da observación participante?

EXERCICIO 5

Indica a qué escola da antropoloxía poderían corresponder os seguintes fragmentos e argumenta a resposta:

1.- As actuais culturas de pobos cazadores-recolectores son restos do pasado paleolítico dos pobos europeos

2.- As prohibicións relixiosas respecto aos alimentos (prohibición da carne de vaca na India, de porco para os musulmáns…) explícanse en función das condicións do medio ambiente, da tecnoloxía e da economía dos pobos que as practican.

3.- Os atributos de comportamento de homes e mulleres varían en diferentes culturas en función da educación que estas culturas proporcionen aos seus nenos e nenas

4.- Todo elemento dunha cultura, dende a organización da familia ata as tecnoloxías ou os rituais relixiosos teñen unha función dentro da cultura que os practica e deben ser conectados co resto dos elementos.

5.- Non é posible comparar unhas culturas con outras, o traballo da antropoloxía debe consistir en recoller os dados de cada cultura e comprendelos no marco desa cultura.

6.- Os denominados "pobos primitivos" non teñen unha mente máis simple que a dos habitantes da sociedade occidental, a mente humana funciona igual en calquera lugar e cultura.

7.- Os seres humanos non inventamos en diferentes lugares do mundo os mesmos productos culturais (arcos, frechas, cerámica, técnicas agrarias, formas de organización….), senón que estes foron inventados nun lugar ou nuns poucos e dende aí difundíronse cara o resto das culturas.

RESPOSTAS

EXERCICIO 1

1.- Pertence á antropoloxía física ou biolóxica

2.- Segundo o texto os chimpancés en primeiro lugar, e os gorilas.

3.- Dúas razóns:

- Que evolucionamos moi rapidamente nalgúns aspectos
- Que os nosos antepasados, dende que nos separamos da rama que daría lugar aos chimpancés, extinguíronse.

4.- Todas as especies evolucionan dende outras especies anteriores.

5.- Porque dende este momento comézase a investigar cales foron os antepasados dos seres humanos actuais, buscando a través da análise dos fósiles resposta a preguntas como: provén a nosa especie dun único lugar?, cales foron as liñas da evolución?, como se modificaron estas especies nas súas migracións polo planeta?, etc

EXERCICIO 2

1.- Ao colonialismo

2.- Para intervir e poder dominar as sociedades colonizadas os imperios español, portugués, inglés, francés… tentan coñecer os costumes das sociedades ás que chegan

3.- Tamén as partes de Europa que non entraran nos modos de producción capitalistas, coma as sociedades campesiñas non industrializadas.

EXERCICIO 3

1.- Antropoloxía do parentesco

2.- Antropoloxía política

3.- Antropoloxía económica

4.- Antropoloxía da educación

5.- Antropoloxía do parentesco

6.- Antropoloxía do parentesco

7.- Antropoloxía económica

8.- Antropoloxía económica

9.- Antropoloxía económica

10.- Antropoloxía política

11.- Antropoloxía da educación

EXERCICIO 4

1.- Consiste en convivir coa xente na súa vida cotiá, en escoitar, tanto as palabras coma os silencios, en observar e escoitar o que a xente di, en tentar comprender as súas crenzas e comportamentos. Isto inclúe comprender ben a súa lingua.

2.- A través do traballo de campo, a convivencia durante un ano ou dous para aprender a súa lingua e o seu estilo de vida. É necesario ser aceptado/a pola comunidade que se analiza, comprendela, por iso o traballo de campo debe ser prolongado no tempo.

3.- O resultado non é unha descrición das vivencias persoais do investigador/a, senón a análise da comunidade que se investiga, unha teoría sobre a comunidade na que se traballou na se que explique esta sociedade.

EXERCICIO 5

1.- Podería pertencer ao evolucionismo, que defendeu que todas as culturas realizan unha mesma evolución, polo que no momento actual habería culturas máis desenvoltas e menos desenvoltas. Esta perspectiva hoxe non é aceptable.

2.- Podería pertencer ao materialismo cultural, porque este considera que os elementos materiais da cultura (economía, demografía, tecnoloxía) condicionan o resto dos aspectos (política, relixión, arte, familia…)

3.- Podería pertencer á escola de Cultura e Personalidade, porque esta insistiu na importancia da educación o ser humano, así defendeu que as diferencias de comportamento entre homes e mulleres se deben tamén á cultura e á forma de educar a nenos e nenas.

4.- Podería pertencer ao funcionalismo, xa que este insistiu no feito de que unha cultura é un sistema no que cada parte cumpre unha función para satisfacer as necesidades dos seus membros.

5.- Podería pertencer ao particularismo histórico, porque este se opuxo ao etnocentrismo do evolucionismo antropolóxico e considerou que as culturas non poden ser comparadas, senón analizadas e valoradas dentro delas mesmas.

6.- Podería pertencer ao estructuralismo francés. O seu principal representante, Lévi-Strauss consideraba que a mente humana é sempre a mesma, manifóstese na cultura que se manifeste e que non hai pobos máis desenvoltos intelectualmente ca outros.

7.- Podería pertencer ao difusionismo. Os difusionistas defenderon que a inventiva humana é limitada e que a maior parte dos elementos das culturas son difundidos, collidos doutras culturas, e non inventados por cada unha delas.